



INFORMACIÓN CAMPAMENTO DE VERÁN 2017

PRAZO DE INSCRICIÓNS: DO 10 DE MAIO Ó 15 DE XUÑO

Este ano, como novidade, unha das finalidades do campamento será a de **APRENDIZAXE DE INGLÉS** a través dos distintos talleres e resto de actividades que se realizarán ó longo dos dous meses de duración do campamento.

Obxectivos:

- 1) Ocupar o tempo libre a través de aprendizaxes deportivas, educativas e recreativas .
- 2) Favorecer as relacións sociais e persoais.

Instalacións onde se levarán a cabo as actividades:

- No Pavillón Polideportivo
- Nas Piscinas Municipais
- Área Recreativa Veiga do Olmo
- Realizarán algunha que outra ruta a pé polo municipio ou saídas a outros lugares.

Duración:

Todo o mes de xullo e agosto.

Horario:

De luns a venres de 9:30 a 14:00 horas.

De 9:30 a 10:30 h será a entrada dos nenos no pavillón polideportivo municipal, o horario de saída será de 13:30 a 14:00 horas do mesmo sitio.

Inscricións:

As inscricións realizaranse nas oficinas do Concello de Castrovverde de 9:00 a 14:00 horas. Deberán aportar unha foto coa solicitude.

Prezos:

O custo por cada neno/a será de **120 € ó mes** Os nenos/as que leven empadroados no municipio de Castrovverde como mínimo 3 meses antes do inicio do prazo de inscrición terán unha subvención do concello do 50 % polo que neste caso a inscrición por cada neno custaría **60 €/mes.**

Poderase pagar a metade do que corresponda se só se inscribe durante unha quincena.

No caso de familias numerosas os custos serán sos seguintes:

- Polo primeiro fillo/a pagaríase o 100% do custo da actividade
- Polo segundo fillo/a pagaríase o 50 % do custo da actividade
- Polo terceiro fillo en diante sería gratuíta a actividade

IMPORTANTE: O pago da actividade deberá realizaranse dentro dos 5 primeiros días de cada mes ou quincena (dependendo do caso) **no seguinte número de conta: ES46-2080-0112-7031-1000-0042.**

Deberase especificar no concepto o nome e apelidos do neno/a e o mes/ meses ou quincena á que corresponde o ingreso.

NOTA: Todos os días cada neno/a deberá traer a súa mochila co bocadillo e bebida para media mañá así como roupa de baño, gorra e crema solar para poder ir á piscina.